

CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE

RECOMENDADO PARA

Aquel alumnado que desexe continuar formación universitaria en Ciencias Ambientais (Bioloxía, forestais, agrónomos, minas, xeoloxía, Ciencias do Mar...). Tamén para aqueles ciclos formativos de grado superior relacionados coas familias anteriores.

CARGA HORARIA SEMANAL

3 horas en 2º de Bacharelato de Ciencias.

CONTIDOS

Aborda cuestións relacionadas coa comprensión do funcionamento dos sistemas terrestres, as súas dinámicas e as súas interaccións desde a escala local, rexional ou global, coa finalidade de proporcionar unha visión que permita atopar un equilibrio entre o aproveitamento dos recursos e a sustentabilidade, así como comprender a realidade de xeito global e sistémico, e valorar o contorno e toda a problemática relacionada coa actividade humana.

Os bloques de contidos englobados nela son:

1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas.
2. Dinámica dos sistemas fluídos. Atmosfera e a hidrosfera,
3. Contaminación atmosférica
4. Contaminación das augas
5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos
6. Circulación de materia e enerxía na biosfera
7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable.